

LA DESIGUALDAD POR RAZÓN DE SEXO Y GÉNERO EN EL DEPORTE PROFESIONAL. UNA PERSPECTIVA JURÍDICO-LABORAL

Autor: Marín Malo, Mirentxu (2023)

Editorial: Colex (Cuestiones Actuales de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social), 212 págs.

A publicación dunha obra monográfica na nosa disciplina, o Dereito do Traballo, é un motivo de satisfacción polo que ten de achega ao coñecemento da comunidade científica, pero aínda máis se o tema daquela é tan novo, e á vez de tanto calado como o que nos propón a profesora Marín Malo. O traballo titúlase *La desigualdad por razón de sexo y género en el deporte profesional. Una perspectiva jurídico-laboral* e hei de advertirlles que, a pesar de ser un traballo de investigación, “atrapa” á persoa lectora dende as primeiras liñas.

A dita publicación arrinca cunha serie de consideracións que marcan o discurso seguido pola autora. Trátase de cuestións que son innegables, como as diferenzas biolóxicas entre homes e mulleres, o rol de xénero presente nas modalidades deportivas e, por suposto, o feito de que a presenza da muller no deporte sexa moi inferior á dos homes, entre outras cuestións. Estas son barreiras que teñen que ser superadas non só por aquelas persoas que exercen unha actividade profesional deportiva, senón pola sociedade en xeral.

Agora ben, unha cuestión de sumo interese que debe ser lembrada neste momento é que a relación laboral que formalizan os deportistas profesionais considérase de carácter especial, debido á especificidade do servizo prestado fronte a unha relación laboral común. De aí, que o requisito que se esixa na norma para que as persoas que se dedican a esta actividade teñan tal consideración, é que practiquen o deporte de maneira directa.

De todo iso, fálanos a profesora Marín Malo nun traballo organizado ao redor de seis capítulos, elaborados de forma minuciosa cunha mesma raíz común: a promoción da igualdade entre homes e mulleres nun ámbito tan concreto como é o deportivo.

O primeiro deles, titulado *Desigualdad por razón de sexo en el deporte profesional: una mirada al origen* volve a vista atrás cara á orixe dunha diferente práctica deportiva. No mesmo, a autora introdúcenos no obxecto da obra, a través da consideración dalgúns dos estereotipos máis empregados en canto ao xénero no deporte, tal e como pode ser a resistencia física, a velocidade, as actividades apropiadas para as mulleres ou a menstruación.

A continuación, o segundo, chámase *Organización y gestión del deporte profesional: análisis desde una perspectiva de género*. Trátase dunha parte moi interesante da obra, por canto que a profesora Marín Malo aproxímanos á repartición de competencias por razón do territorio, aos subsistemas público e privado, aos principais organismos encargados da xestión da práctica deportiva, para finalizar coa análise da representación da muller nos órganos de xestión destes. En tal sentido, tan só se pode afirmar que a presenza das mulleres en tales organismos se atopa infrarrepresentada se se fala nun sentido positivo, pois a realidade é que a súa presenza é practicamente nula cando se trata de postos de organización, dirección e xestión do deporte.

Pola súa banda, o terceiro capítulo aborda *Las diferencias biológicas entre hombres y mujeres y su impacto en el deporte*, destacando esta parte da obra polo estudo realizado sobre o dereito á práctica deportiva das persoas trans. Trátase dun tema de candente actualidade sobre o que os Estados membros da Unión Europea están a adoptar decisións totalmente dispares, aínda tratándose de situacións similares, polo que sería, canto menos interesante, unha homoxeneización no que aos criterios para a incorporación de tales colectivos a unha categoría ou outra se refire. En todo caso, mentres esta decisión se adopta, a autora considera que debe primar o dereito á non discriminación por razón de identidade de xénero das persoas trans, dun lado, e, doutro, a integridade das competicións deportivas, sen que, por

tanto, o anterior supoña que se outorgue unha vantaxe a un colectivo.

Doutro lado, o cuarto capítulo, titulado *A competición diferenciada por sexo en el deporte* profunda nas categorías deportivas e na delimitación da importancia dos requisitos que ha de cumprir o deportista para poder participar nela. En tal sentido, a separación das competicións por razón de sexo converte á disciplina deportiva en máis xusta, debido ás diferenzas biolóxicas existentes entre mulleres e homes. Actualmente, no ámbito da Unión Europea, centra o debate o tema das competicións mixtas; fórmula a través da cal desaparecerían a categorías masculina e feminina no deporte. Con todo, esta é unha proposta que aínda ten que ser repensada, debido a que contamos con determinadas disciplinas nas que mesmo a categorización se leva a cabo en función do peso dentro dun determinado sexo. Todo iso, sen prexuízo de que existan competicións nas que non se atopa ningún óbice para que a competición teña tal cualificación, sobre todo naquelas que se desenvolven en modalidades de equipo ou parellas.

O capítulo quinto podería considerarse como a columna vertebral desta obra, posto que a profesora Marín Malo aborda no mesmo cuestións de gran calado contidas en diferentes disposicións, non só do noso ordenamento xurídico, coa gran solvencia que lle caracteriza. Este titúlase *Las desigualdades por razón de sexo en el deporte profesional*. Entre as cuestións abordadas nesta parte da obra, destaca a desigualdade salarial, a cal, segundo a autora, trae a súa causa na propia separación entre competicións masculinas e femininas, así como nos contratos mercantís asinados pola persoa deportista cos seus patrocinadores. Ademais, resalta que no ámbito deportivo tamén predomina a temporalidade e parcialidade, o que afecta en maior medida ás mulleres. Aínda que, a autora matiza que esta diferenza retributiva non é algo que incumbe en exclusiva a aqueles deportistas profesionais, senón que tamén afecta a outros postos, tal e como son os xerentes, coordinadores, adestradores etc.

Novamente, debido a que constitúe unha preocupación recorrente na doutrina laboralista, ponse de manifesto a

importancia do convenio colectivo para a regulación das condicións de traballo. Neste suposto, a diferenza salarial plasmada na norma paccionada difire completamente se se trata dos deportistas profesionais en xénero masculino ou en feminino. Por suposto, a diferenza salario á baixa establécese para as deportistas mulleres. A profesora Marín Malo cuestiónase se neste sector se debería dar unha maior importancia ao convenio colectivo ou non, tendo en conta que en tales normas paccionadas poden incorporarse as correspondentes táboas salariais en función das divisións nas que organice a disciplina deportiva concreta. Desta forma, poderíase utilizar o criterio da primeira, segunda ou terceira división, en lugar do xénero como elemento diferenciador. A autora é unha firme defensora de que a regulación das condicións de traballo igualitarias se produza a través do convenio colectivo, pois está convencida de que a diferenciación por sexo non fai máis que contribuír á desigualdade.

Así mesmo, debería repensarse a compensación por gastos, que é aquela situación por medio da cal se paga unha contía económica aos deportistas "amateurs". Trátase dunha práctica que desprofesionaliza o deporte e que, polo tanto, implica que a persoa teña unha retribución inferior á que se corresponde co salario mínimo interprofesional (en diante, SMI). Por iso, débese potenciar a formalización da relación laboral de carácter especial, cando esta sexa efectivamente profesional.

Así mesmo, na obra analízanse outros factores que non son estritamente laborais e que afectan as diferenzas retributivas por razón de sexo, tal e como é a porcentaxe (económica) que pertence ás federacións deportivas nacionais pola explotación do contido audiovisual que se deriva das competicións. De novo, a sociedade apoia e dá todo polo deporte masculino, sen que poida afirmarse o mesmo do feminino. Isto xera unha serie de beneficios ás empresas e unha maior retribución para o deportista, debido a que se produce un retorno. Con todo, no caso das deportistas isto non ocorre como consecuencia da invisibilidade que sofre o deporte feminino. Esta circunstancia, tan meridianamente manifestada pola profesora Marín Malo, fainos reflexionar

acerca de como as mulleres deportistas teñen que promocionar elas mesmas a súa actividade, o que vén poñer de novo de manifesto a desigualdade por razón de sexo, xa que os homes non teñen esta necesidade.

O último dos capítulos que compoñen o traballo monográfico que se apunta é o relativo ás *Iniciativas para garantir la igualdad por razón de sexo en el deporte profesional. Un largo camino por recorrer*. No mesmo a autora realiza unha análise sobre as accións implantadas tanto a nivel internacional como comunitario, así como a nivel nacional. Sen dúbida, serve este estudo para poñer de manifesto o grao de preocupación dos diferentes organismos implicados na xestión do deporte profesional porque a igualdade entre homes e mulleres neste ámbito sexa real e efectiva e, por que non, para dar pistas sobre as posibles medidas que se poden levar a cabo proximamente.

Por todo o exposto, non podo máis que concluír coa seguinte afirmación: a obra *La desigualdad por razón de sexo y género en el deporte profesional. Una perspectiva jurídico-laboral* é un estudo imprescindible, que conta cunha mensaxe clara e directa que non fai máis que convidarnos á reflexión. Sen dúbida, considero que o dito traballo de investigación contribuirá a unha futura (inmediata) reformulación sobre como superar a desigualdade por razón de xénero no ámbito deportivo. En tal sentido, tal e como puxo de manifesto a autora, se non se adoptan as medidas necesarias para eliminar a dita práctica, as mulleres seguirán preferindo dedicarse a outras actividades en lugar de ao deporte profesional, a pesar de que sexan as mellores na súa disciplina.

Por tanto, hai que loitar porque as mulleres se integren de maneira efectiva en todos os ámbitos da nosa sociedade, tal e como é, neste caso, o deporte. Só desta forma darase cumprimento ao mandato constitucional.

JULIA DORMIDO ABRIL

Prof. Dra. de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidad de Sevilla

jdormido@us.es